

TRISHARK NARON 2023

Organiza

AD Náutico de Narón.
Concello de Narón.
Federación Galega de Triatlón e P.M.
Federación Española de Triatlón

Datos deportivos da proba

A proba rexerese polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Española de Triatlón e Federación Galega de Triatlón e PM.

Data de celebración

Sábado, 5 de Agosto de 2023.

Lugar de celebración e ubicación:

Paseo Marítimo de Xuvia – NARÓN
Localización: 43° 30' 54.44" N – 8° 09' 23.14" O

Programa

17:00 Apertura de Secretaria e entrega de dorsais
17:30 a 18:30 Control de material Proba Popular
18:40 Saída Proba Popular Masculina
18:45 Salida Proba Popular Femenina
19:00 a 19:45 Control de material clasificatorio
19:50 Saída Masculina "Clasificatorio Cto de España"
20:00 Saída Femenina "Clasificatorio Cto. de España"
21:10* Finalización da competición
21:20* Entrega de premios.

* estimados

Distancias

Proba Popular:

750m natación-18Km bicicleta-5 Km carreira.

Proba Clasificatoria Cto de España:

750m natación-22Km bicicleta-5 Km carreira.

Categorías

Proba Autonómica:

Xuvenil-Junior-Sub23-
Absoluta-Veterano

Proba Clasificatoria Cto de España:

Elite



Gran Premio Toyota Grupo Breogán

Trátase dunha clasificación por equipos –non clubs- de catro compoñentes que obrigatoriamente estarán compostos de 3 deportistas masculinos e 1 deportista feminina, e non tendo que pertencer os catro compoñentes ao mesmo club. Os catro compoñentes como tal deberán estar inscritos na proba de clasificatorio e a clasificación farase sumando os tempos dos catro integrantes do equipo, sendo primeiro clasificado o equipo que menos tempo sume e así sucesivamente.

Inscricións

Proba Clasificatoria Cto de España:

100 Prazas Masculinas+ 100 Prazas femininas (Bases de Competición Federada FETRI)

A inscrición realizarase on-line a través da web da Federación Española de Triatlón

https://live.competitions.org/championship/1020/Clasificatorio_Campeonato_de_Espa%C3%B1a_de_Triatl%C3%B3n_Sprint O abono farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

As inscricións terán un custe de 30 €.

Proba Popular:

205 Prazas - (100 masculinas+100 femininas con reserva de xénero ata o 28 de xuño ás 14:00 h.- (5 Invitacións Organización)

Apertura de inscricións xoves 22 de xuño ás 00:01 horas, ata o Martes 1 de agosto ás 14:00 h

A inscrición realizarase on-line a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org no apartado [Competicións/Inscricións](#). O abono da mesma realizarase con tarxeta bancaria a través de TPV.

Cota de Inscricións 18 €. Xuvenís. Gratuíta.

A organización proporcionará un chip a tod@s os/as participantes que deberán de devolver unha vez acaba a proba. A non devolución do mesmo, será responsabilidade do deportista.

Procedemento de inscrición:

CLUBS:- Accederán a través do apartado *competicións*, pincando na pestana [Competicións/ Inscricións](#) e accedendo á proba de referencia. Unha vez que se accede á proba pincarase na ligazón INSCRICIÓN introducirase o código de club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento



DEPORTISTAS SEN FEDERAR- LICENZA TEMPORAL DE 1 DIA- Deberán introducir todos os datos requiridos e enviar copia de DNI en vigor e documento de protección de datos que poden descargar na ligazón <http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/12/ficha-non-federados.docx>. de forma imprescindible, para validar a inscrición, a fegatri@hotmail.com a través da plataforma de inscricións. Á cota de inscrición sumaranse 12,00 euros seguro temporal 1 día. Total ingreso 30 €. (6 € xuvenís)

FEDERADOS EN CICLISMO EN GALICIA- Deberán introducir todos os datos requiridos e enviar copia de DNI en vigor e documento de protección de datos que poden descargar na ligazón <http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/12/ficha-non-federados.docx>. de forma imprescindible, para validar a inscrición, a fegatri@hotmail.com a través da plataforma de inscricións. Á cota de inscrición sumaranse 2,20 euros de seguro (convenio ciclismo). Total ingreso 20,20€.(2,20€ xuvenís)

A organización proporcionará un chip a tod@s os participantes que deberán de devolver unha vez remata a proba. A non devolución do mesmo, será responsabilidade do deportista.

Baixas e política de devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través de correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do fin do prazo de inscrición. Unha vez cerrado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) finalizado o prazo de inscrición, serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listas de inscritos:

Publicación de lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando no listado se da algún erro debido ao manexo de datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en prazo que non aparecen dadas no listado,...) É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación de lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e non admite cambios)

Gran Premio Toyota Grupo Breogán

A inscrición dos equipos deberá de realizarse por email (nauticonaron@gmail.com), ata as 23:59 do mércores 2 de agosto, indicando nome do equipo e os seus catro compoñentes. (publicaranse os compoñentes dos equipos na web)



Premios e Clasificaciones

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada a podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono "

Premios proba Clasificatoria Campeonato de España:

Clasificación	Premios
1º e 1ª clasificados	Medalla Fetri e 300 €
2º e 2ª clasificados	Medalla Fetri e 180 €
3º e 3ª clasificados	Medalla Fetri e 100 €
4º e 4ª clasificados	60 €
5º e 5ª clasificados	40 €

Premios por Equipos:

Clasificación	Premios
1º clasificados	300 €
2º clasificados	180 €
3º clasificados	100€

Premios proba Popular:

Trofeo conmemorativo da proba a tres primeiros/as de cada categoría:

xuvenil

Júnior

Absoluta

Vetarana

Información

Web: <http://www.nauticonaron.com/trishark/>

Email: nauticonaron@gmail.com ó amandoguerrero@gmail.com

Teléfono: 622294202 · Amando Guerrero



Institucións/Patrocinadores

